

CEIP PLURILINGÜE DE CARNOTA
PROGRAMACIÓN 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO 2021-2022

1. Introducción e contextualización. Incidencia da covid-19 no curso actual
2. Concreción dos obxectivos para o curso.
3. Criterios de avaliación (relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe e competencias básicas) e concreción dos mínimos esixibles.
4. Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido.
5. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.
6. Concrecións metodolóxicas. Previsións ante a covid-19.
7. Materiais e recursos didácticos.
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
11. Medidas de atención a diversidade.
12. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.
13. Actividades extraescolares e complementarias.
14. Aplicacións dos plans e proxectos do centro.
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e proceso de mellora.

1.- Introducción e contextualización . Incidencia da Covid-19 no curso actual.

A seguinte programación está baseada no esquema indicado na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13, que se ben é de secundaria é a recomendación feita ata que no exista unha resolución similar para primaria, e axustándose ao establecido no PEC do CEIP de Carnota aprobado o 27 de maio de 2019 .

As referencias legislativas nas que se fundamenta a programación son as seguintes:

- **LOMCE, Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.**
- **Real Decreto 126/2014. do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria.
- **Decreto 105/2014 , do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 23 de novembro de 2007,** pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este documento está elaborado para o 4º nivel de educación primaria do CEIP de Carnota, centro situado na costa coruñesa, que alberga a un alumnado maioritariamente galego falante. Neste curso, 4º conta cun total de 18 alumnos/as (11 nenos e 7 nenas). Un dos alumnos/as é de nova incorporación aínda que xa estivo escolarizado/a no centro en cursos anteriores polo que se espera unha doada integración no grupo. Outro dos alumnos/as está diagnosticado/a de TDAH e un alumno/a promociona coas dúas Linguas suspensas. Atendendo aos informes elaborados no curso anterior, tres alumnos/as recibiron apoio por parte de profesorado de PT máis da titora en diferentes materias e un/unha de eles tamén recibiu apoio do profesor de AL. Así, unha vez feitas as avaliacións iniciais correspondentes ás diferentes materias, procederase, xunto ao DO a tomar as medidas oportunas. Teranse en conta, polo tanto, durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, as características individuais dos alumnos/as así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Planearanse, sempre que sexa preciso, aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado en aqueles alumnos/as con necesidades educativas específicas. Para poder atender mellor todas estas necesidades individuais do alumnado, no presente curso, este grupo vai estar desdoblado en cinco

sesións á semana (as tres de Inglés e as dúas de Educación Física). Este desdobre permitirá traballar con grupos máis reducidos en dúas sesións de Matemáticas, dúas de Lingua Galega e unha de Lingua Castelá.

Unha vez vistos os informes individuais do curso pasado e tras facer a avaliación inicial, organizaranse os apoios necesarios xunto ao Departamento de Orientación.

Por outro lado, dicir que no presente curso escolar, no centro traballárase o proxecto de “Xulio Verne” centrándonos na súa biografía máis en tres de sus grandes obras: Viaxe ao interior da Terra, 20000 leguas de viaxe submarina e a Volta ao mundo en oitenta días. Así, moitas das actividades que se farán nas diferentes materias terán este tema como eixe principal.

Dende cursos pasados planifícanse actividades de escritura para potenciar a competencia lingüística do noso alumando, escollendo distinto tipo de traballos (redaccións, descripcións, ...). Xurde así a idea de definir a asignatura de libre configuración como TALLER CREATIVO enfocado en 4º de E. Primaria a traballar tanto a linguaxe escrita, a oral e mesmo a través da expresión artística e corporal desde un enfoque creativo, tanto a nivel individual como grupal.

Buscamos polo tanto reforzar aspectos comúns ás demais áreas relacionados coa competencia lingüística, partindo para elo dos seguintes preceptos:

- Favorecer o traballo cooperativo como método de traballo
- Estimular a creatividade individual e a aportación de ideas ao grupo.
- Explorar distintos tipos de expresión: oral, escrita, artística, corporal.
- Potenciar o uso de recursos como as tics e a biblioteca do centro.
- Implicar ao alumnado en proxectos comúns máis en tarefas e actividades nas que as aportacións de todos dean como resultado situacións de comunicacións e expresións tales como pequenas dramatizacións, debates,...

Fundamental ter en conta a repercusión no proceso ensino/aprendizaxe da covid-19. Neste aspecto cabe destacar que se terán en conta os distintos niveis de acceso ás novas tecnoloxías e a posibilidade de axuda por parte das familias no caso de chegar a un novo

confinamento, tratando de preparar ao alumnado cara a un posible novo período de educación por vía telemática. Neste aspecto terá especial importancia traballar dende o primeiro día o manexo das ferramentas destinadas a tal fin, especialmente a aula virtual e a páxina web do centro.

Esta programación segue as pautas marcadas no plan de continxencia máis no protocolo covid do centro.

Asemade reforzaranse aqueles contidos que foron traballados dun xeito máis somero no curso pasado según consta nos informes deixados pola titora anterior.

O profesorado que imparte docencia neste grupo é o seguinte:

- Yolanda Rodríguez Fernández, titora de 4º
- Especialista EF
- Especialista Música e Plástica (bilingüe)
- Especialista Lingua Estranxeira
- Especialista PT
- Especialista de A.L.
- Especialista Relixión Católica
- Titora de 3º (imparte a materia de Valores)

2.- Concreción dos obxectivos para o curso.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Este curso máis que nunca é derivado da situación sanitaria na que estamos inmersos/as, traballarase que o alumnado valore a necesidade das normas e do seu cumprimento como garantía da seguridade e dunha boa relación dentro da escola e da sociedade. Partirase do recoñecemento dos deberes propios como ferramenta para a convivencia e o respecto dos dereitos propios e dos demais.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

Emprego do traballo cooperativo nos distintos niveis nalgún momento do curso.

(Este curso debido á situación COVID o traballo colaborativo realizarase a través de ferramentas TIC principalmente).

Valoración e recoñecemento do esforzo persoal do alumno/a que permita acadar logros tanto de xeito individual como membro dun equipo.

Emprego de tarefas que favorezan que o alumnado adquira a autonomía para a realización de tarefas e habilidades tanto para a busca de axuda como para a colaboración nas tarefas de equipo.

Tarefas que impliquen a participación activa e con iniciativa, propostas creativas e con sentido crítico para o desenvolvemento da autoestima.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

Traballo co alumnado nas titorías que fomente a comprensión da importancia do respecto aos demais como base dunhas relacións sociais axeitadas.

Fomento do diálogo como mecanismo de resolución de conflitos, comprendendo a disparidade normal de opinións na sociedade, e a necesidade do respecto das mesmas como garantía da convivencia pacífica.

Traballo de estratexias para controlar os impulsos nos momentos de enfado.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

Traballos de investigación na aula sobre distintas culturas e reflexións que permitan valorar a necesidade do respecto das mesmas.

Actividades sobre a necesidade da igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres que lles axude a valorar a importancia de orientar os nosos actos para acadar que esa igualdade sexa real, aproveitando as distintas conmemoracións do centro ao longo do curso.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

Tratamento integrado das linguas, que facilite unha boa competencia comunicativa en ámbalas dúas linguas cooficiais.

Fomentarse o hábito lector , tanto como recurso para o lecer como comunicativo, facendo fincapé na análise da información e na necesidade de desenvolver unha actitude crítica e reflexiva fronte a esta para recoñecer e evitar transmitir informacións falsas ou ofensivas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Fomento das seccións bilingües de cara ao establecemento do plurilingüismo no noso centro.

Participación no programa de Auxiliares de Conversa.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

Traballo das operacións elementais de cálculo, partindo da realidade próxima ao alumnado.

Traballo da resolución de problemas empregando as operacións de cálculo en situacións cotiás.

Fomento da busca de elementos xeométricos básicos na súa contorna.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

Saídas pola contorna para a identificación dos aspectos relacionados coa paisaxe do Concello de Carnota (vexetación, animais, paisaxe,...), e vinculalos aos propios de Galicia.

Traballo de achega de información sobre a historia e cultura máis representativa do noso Concello e de Galicia: tradicións, medios de vida, ...

Integración na actividade do centro de actos culturais e da tradición propia do Concello e de Galicia (entroido, bailes e danzas, regueifas,...).

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Utilización dos recursos do centro relacionados coas tecnoloxías da información para a busca e recompilación de información así como para autoformación (Aula Virtual) e difusión de novas (páxina web) .

Informar sobre a existencia de perigos no uso da Internet, resaltando a importancia da precaución ao compartir información, a través do traballo en aula e de charlas específicas.

Fomento dunha actitude crítica, valorando a necesidade de contrastar a información e a importancia da veracidade nas súas mensaxes, no traballo nas titorías..

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Organización de festivais e eventos que impliquen representacións e expresións artísticas por parte do alumnado. ***(Este curso, no caso de que se realicen, haberá que adaptalos segundo á situación sanitaria do momento)***.

Fomento de actividades no centro relacionadas coa produción visual ou audiovisual como concursos de fotografía, vídeo, revista escolar e fomento da participación en concursos ou certames de fóra do centro.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Organización de propostas e eventos sobre a actividade física e o deporte así como divulgación da oferta do Concello e outras entidades (clubs, asociacións,...).

Fomento da hixiene e o coidado persoal como fonte de saúde, especialmente a partires da área de Educación Física. *(Este curso farase fincapé nas medidas antiCOVID-19)*

Charlas, debates na aula, sobre os hábitos que favorecen un estilo de vida saudable e a necesidade de rexeitar os que son prexudiciais.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

Traballos na aula sobre as súas experiencias persoais coas mascotas e outros animais domésticos.

Toma de contacto con asociacións protectoras de animais ou refuxios de animais abandonados.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

Traballo reflexivo sobre a diversidade entre persoas en canto a crenzas, relixión, orientación sexual, política, ..., como parte das características do ser humano, tanto dende a aula como a través das distintas conmemoracións que o centro organiza ao longo do curso.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Saídas á contorna.

Aproveitamento das visitas a cidades ou vilas máis grandes para coñecer outros elementos relacionados coa seguridade viaria.

Charlas a cargo da Policía Local, Garda Civil, Bombeiros...

Xogos relacionados coa seguridade viaria (Educación Física, patios dinámicos).

Sempre respectando as medidas establecidas no protocolo correspondente segundo a situación sanitaria do momento.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Visitas a museos, actos culturais,...

Actos conmemorativos organizados polo centro ou entidades alleas (Concellos, Deputación, asociacións...), actividades de extraescolares do centro, traballos de investigación e recollida de tradicións...

Sempre respectando as medidas establecidas no protocolo correspondente segundo a situación sanitaria do momento.

3.- Criterios de avaliación e concreción dos mínimos esixibles.

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo esixible
CIENCIAS DA NATUREZA				
CIENCIAS DA NATUREZA	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	CAA CCL CMCCT CSIEE CD	É capaz de localizar información para realizar un proxecto, explicando os resultados oralmente ou por escrito, no caderno ou na web.
		CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE	É autónomo para escoller os medios de información para obter a información e tamén para presentar os resultados.
		CNB1.1.3. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	CAA CMCCT CD	Consulta e utiliza distintos documentos.
		CNB1.1.4. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.	CAA CMCCT	É quen de reflexionar sobre o resultado do traballo realizado.
CIENCIAS DA NATUREZA	B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno empregando	CAA CMCCT	Descobre e utiliza distintas estratexias para a resolución de problemas.

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
	da observación, e obter unha información.	medios propios da observación para obter unha información.	CSIEE	
		CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	CMCCT CCL	Emprega o vocabulario relacionado cos contidos traballados.
CIENCIAS DA NATUREZA	B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CMCCT CSC CSIEE	É capaz de traballar individualmente e en equipo e de resolver conflitos de forma pacífica.
CIENCIAS DA NATUREZA	B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	CMCCT	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo
		CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	CMCCT CCL	Entende a importancia dos sentidos e a forma de coidalos.
CIENCIAS DA NATUREZA	B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.1 Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferenciar prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	CMCCT CSC	Practica actividades lúdicas e deportivas no patio. Intenta comer “menús” saudables nas merendas valorando a importancia de intentar comer de todo.
		CNB2.2.2. Identifica e valora as súas habilidades persoais.	CSC CSIEE	Identifica e valora as súas habilidades persoais.
		CNB2.2.3. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	CMCCT	Coñece e prevén algunhas enfermidades habituais dos nenos, especialmente practicando deporte , abrigándose correctamente ou comendo sá. Aplica as medidas hixiénico-sanitarias para a prevención da Covid.
		CNB2.2.4. Planifica de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.	CAA CSC	Planifica de forma autónoma actividades de ocio
CIENCIAS DA NATUREZA	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.	CMCCT	Recoñece e clasifica os alimentos dun menú segundo a roda ou a pirámide de alimentos.
		CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.	CMCCT	Identifica sistemas de conservación alimentaria.
		CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.	CMCCT	Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada estudando un menú segundo a roda de alimentos.

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
CIENCIAS DA NATUREZA	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT	Clasifica animais vertebrados da contorna, tendo en conta as súas propiedades: pel, reprodución, respiración, temperatura, desprazamento e alimentación. Distingue os principais invertebrados terrestres e mariños da contorna. Describindo o seu aspecto, reprodución, respiración, desprazamento e alimentación.
		CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT	Clasifica as plantas do seu contorno segundo sexan árbores, arbustos ou herbáceas.
		CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	CMCCT, CAA	Clasifica animais e plantas atendendo a distintos criterios.
		CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	CMCCT CCL	Identifica hábitats de seres vivos.
CIENCIAS DA NATUREZA	B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e o dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	CMCCT	Explica as funcións de relación, reprodución e alimentación dos animais máis comúns da contorna. Explica as funcións de relación, reprodución e alimentación dalgunha das plantas da contorna.
		CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	CMCCT CCL CSIEE CD	Coñece o ciclo vital das persoas: infancia, adolescencia, adulto e madurez.
CIENCIAS DA NATUREZA	B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1 Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	CMCCT, CSC	Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.
		CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.	CMCCT, CSC	Emprega e/ou explica actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.
		CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientales da súa contorna.	CMCCT CSC	Da ideas para mellorar os problemas medioambientales da súa contorna.
CIENCIAS DA	B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas	CNB4.2.1. Investiga e explica o	CMCCT,	Explica os cambios de estado da auga.

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
NATUREZA	investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	comportamento de certos corpos diante da luz.	CCL	
		CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.	CMCCT	Distingue distintos tipos de forzas.
CIENCIAS DA NATUREZA	B4.3. Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.	CMCCT	Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga: Sólidos: goma, pedras, cortiza Líquidos: aceite, Gases: CO2
		CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	CMCCT	Realiza mesturas sinxelas
		CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os seus resultados.	CMCCT	Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián e interpreta os resultados
CIENCIAS DA NATUREZA	B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotiá.	CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.	CMCCT CSC CSIEE	Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola: tesoiras, grampadora, carretilla, coitelo, cubertos, ...ascensor
		CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.	CMCCT CCL	Identifica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá: eólica, eléctrica, térmica, solar,
CIENCIAS DA NATUREZA	B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	CMCCT CCL CSC	Identifica e describe oficios.
		CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	CMCCT CAA CCEC CD CSIEE	Constrúe aparellos sinxelos baseados en modelos dados.

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo esixible
CIENCIAS SOCIAIS				
CIENCIAS SOCIAIS	B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados ,a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.	CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA CCL CD CMCCT	Busca información, selecciona a máis relevante, sendo capaz capaz de comunicala mediante soporte informático.
		CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA	É autónomo para empregar as fontes de información, libros de texto, enciclopedias, dicionarios en distintos soportes.
		CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA CCL CMCCT	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
CIENCIAS SOCIAIS	B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara os demais.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA	É quen de participar en actividades individuais e grupais chegando a acordos, tolerando e aceptando distintas opinións e aportacións dos compañeiros/as.
		CSB1.2.2. Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	CSC CAA	Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates.
CIENCIAS SOCIAIS	B1.3.Coñecer e utilizar as palabras clave e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	CCL CAA CMCCT CSC	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
		CSB1.3.2. Expón oralmente de forma clara e	CCL	É quen de facer unha sinxela exposición oral despois de

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
		ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e/ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	CAA CMCCT CSC	ler ou escoitar un texto de carácter social, xeográfico ou histórico.
		CSB1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as TIC.	CCL CD CMCCT CSC	Manexa imaxes, gráficos, táboas, esquemas, resumos e as TIC.
CIENCIAS SOCIAIS	B2.1. Coñecer a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que o rodea.	CSB2.1.1. Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	CMCCT CAA CCL	Coñece a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.
CIENCIAS SOCIAIS	B2.2. Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	CSB2.2.1. Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráneos identificando polos, eixe e hemisferios.	CMCCT CAA CCL	Coñece diferentes formas de representación da Terra identificando polos, eixe e hemisferios.
CIENCIAS SOCIAIS	B2.3. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para localizar determinados puntos da Terra.	CSB2.3.1. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.	CMCCT CAA	Localiza diferentes puntos da Terra
CIENCIAS SOCIAIS	B2.4. Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado e á elaboración dun itinerario empregando as TIC.	CSB2.4.1. Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.	CMCCT CAA	Identifica diferentes tipos de mapas e interpreta os signos convencionais básicos que podan aparecer
CIENCIAS SOCIAIS	B2.5. Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretación de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo.	CSB2.5.1. Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.	CMCCT CAA CCL	Sabe o que é o tempo atmosférico e coñece diferentes instrumentos de medida utilizados para a recollida de datos atmosféricos.
		CSB2.5.2. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.	CMCCT CAA CCL CD	Identifica unha estación meteorolóxica e explica a súa función.

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
		CSB2.5.3. Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.	CMCCT	Coñece os elementos principais dun mapa meteorolóxico.
CIENCIAS SOCIAIS	B2.6. Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes dun río do medio próximo.	CSB2.6.1. Define hidrosfera, identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	CMCCT CCL CSC	Define hidrosfera, identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.
		CSB2.6.2. Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.	CMCCT CCL	Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas.
		CSB2.6.3. Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.	CMCCT CCL, CCA	Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles
CIENCIAS SOCIAIS	B2.7. Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia.	CSB2.7.1. Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.	CMCCT CCL	Coñece algún tipo de rocha e a súa composición
		CSB2.7.2. Identifica e explica as diferencias entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.	CMCCT CCL	Identifica e explica as diferencias entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.
CIENCIAS SOCIAIS	B2.8. Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.	CSC CAA	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.
		CSB2.8.2. Sitúa no mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.	CSC CAA	Sitúa no mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
CIENCIAS SOCIAIS	B2.9. Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.	CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC CCL	Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.
		CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC CCL	Propón algunhas medidas para o consumo responsable.
CIENCIAS	B3.1. Analizar a importancia que teñen os dereitos,	CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os	CSC	CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora algúns dos

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
SOCIAIS	deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.	principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.	CCL	principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.
CIENCIAS SOCIAIS	B3.2. Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da constitución, así como as súas funcións.	CSB3.2.1. Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.	CSC CCL	Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe algunhas das súas funcións.
		CSB3.2.2. Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	CSC CCL	Identifica a división de poderes do Estado e cales son algunhas das atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.
CIENCIAS SOCIAIS	B3.3. Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos.	CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as comunidades autónomas que forman España.	CSC CCL	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as comunidades autónomas que forman España.
CIENCIAS SOCIAIS	B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	CSB3.4.1. Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC CCL	Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural galega.
CIENCIAS SOCIAIS	B3.5. Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.	CSB3.5.1. Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.	CSC CCL	Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.
		CSB3.5.2. Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos obtidos en diversas fontes de información.	CMCCT CAA	Elabora gráficos sinxelos a partires de datos demográficos obtidos en diversas fontes de información.
CIENCIAS SOCIAIS	B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.	CSB3.6.1. Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.	CSC CCL	Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.
		CSB3.6.2. Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e utilízalas tanto como peón e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar á persoa condutora...)	CSC CCL	Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
CIENCIAS SOCIAIS	B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais	CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa ás distintas e aos feitos que marcan o seu inicio e final.	CMCCT CCL CSC	CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa ás distintas e aos feitos que marcan o seu inicio e final.

ÁREA	CA	EA	C_Clave	Mínimo esixible
	no rumbo da historia.			
		CSB4.1.2. Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.	CCEC CCL CSC	Explica a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
CIENCIAS SOCIAIS	B4.2. Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.	CSB4.2.1. Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.	CMCCT CAA CSC	Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado.
CIENCIAS SOCIAIS	B4.3. Utilizar a nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	CSB4.3.1. Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C ou d.C.	CMCCT CSC	Recoñece o século como unidade de medida do tempo e localiza feitos situándoos a.C ou d.C.
		CSB4.3.2. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	CMCCT CSC CAA	Ordena feitos históricos relevantes no tempo:
CIENCIAS SOCIAIS	B4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.	CMCCT CCL CSC CCEC	Identifica algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria.
		CSB4.4.2. Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	CCL CSC CCEC	Explica algúns aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.
		CSB4.4.3. Explica as diferenzas dos dous períodos nos que se divide a prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	CCL CSC CCEC	Explica diferenzas dos períodos nos que se divide a prehistoria e describe algunhas das características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.
		CSB4.4.4. Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	CMCCT CSC CCEC	Data a Idade Antiga e describe algunhas das características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.
CIENCIAS	B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as	CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o	CSC	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural,

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
SOCIAIS	formas de vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CCEC	histórico, cultural e artístico e participa na súa conservación e mellora.
CIENCIAS SOCIAIS	B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSB4.6.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC CCEC	Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA				
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.1.Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas de comunicación: quenda de palabra, escoitar.	LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións e sentimentos con certa claridade.	CCL CAA CSC	Expresa ideas, pensamentos, opinións e sentimentos con certa claridade.
		LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.	CCL CAA CSC	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.	LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, dándolle valor complementario a estes.	CCL	Utiliza recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.
		LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo e entoación.	CCL	Entona correctamente as oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais segundo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das TICs.	CCL CD CAA CSC CSIEE	Expón a súa opinión de xeito claro e secuenciado en diversas situacións de comunicación, con axuda.
		LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.	CCL CAA CSC CSIEE	Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
LINGUA	B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de	LCB1.4.1. Identifica polo contexto o	CCL	Identifica polo contexto o significado de

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
CASTELÁ E LITERATURA	palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.	significado de correspondencias fonema-grafía idénticas en textos significativos.		correspondencias fonema-grafía en textos
		LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	CCL, CAA	Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.	CCL, CAA	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual.
		LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados e expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	CCL CAA	Identifica distintos tipos de textos coa súa intención comunicativa.
		LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	CCL	Responde, polo menos, a tres preguntas do texto que leu ou escoitou. Cinco?
		LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.	CCL CAA CSIEE CSC	É quen de recoller a información básica que precisa para os seus traballos e de poñela en común.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, ós seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.	LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.	CCL CAA CCEC	Reproduce un conto que escoitou con, polo menos, seis oracións. Reproduce un poema que escoitou con, polo menos, tres estrofas de 4 versos cada unha. Reproduce unha noticia que escoitou ou vivencia con, polo menos, 50 palabras.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos adecuados ao seu nivel.	LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados e expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	CCL CAA CSIEE	Narra un conto inventado coas tres partes ben diferenciadas: inicio, nó e desenlace Inventan un diálogo, por parellas, e intérpretano para os demais. Inventa e le un poema de, polo menos, dúas estrofas.

ÁREA	CA	EA	C Clave	Mínimo esixible
		LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar).	CCL CAA CSIEE	Elabora con axuda o seu discurso axeitándoo a diferentes contextos.
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recolle datos, pregunta e repregunta.	CCL CAA CSIEE CSC	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recolle datos, pregunta e repregunta.
